Liña xeral de alimentación: cálculo de seccións e especificacións técnicas dos condutores.
Derivacións individuais: cálculo de seccións e especificacións técnicas dos condutores.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Instalacións de enlace.	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura instalacións de enlace, con selección dos elementos que as compoñen e do seu emprazamento.	NO
RA2 - Realiza e describe operacións de montaxe e mantemento de instalacións de enlace, coas técnicas correspondentes e consonte a normativa.	SI
RA3 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse o proxecto de instalación de enlace, para o que se identificaron as condicións de montaxe e as características dos elementos que a compoñen: caixa xeral de protección, seccións da liña xeral de alimentación e derivacións individuais, contado
CA1.2 Identificáronse os elementos da instalación coa súa representación simbólica nos esquemas e a súa localización nos planos.
CA1.3 Realizouse a previsión de carga da instalación tendo en conta as prescricións regulamentarias e os requisitos da clientela.
CA1.5 Seleccionouse o esquema da instalación de enlace adecuado ás características do edificio (unifamiliar, de vivendas, concentración de industrias, etc.).
CA1.6 Seleccionouse a caixa xeral de protección.
CA1.7 Dimensionouse a liña xeral de alimentación e as derivacións individuais.
CA1.8 Determinouse a localización dos contadores.
CA1.9 Determinouse a localización dos cadros xerais de mando e protección.
CA1.10 Dimensionáronse os dispositivos xerais e individuais de mando e protección, e o sistema de control de potencia.
CA1.11 Seleccionouse o cadro xeral de mando e protección.
CA1.12 Elaborouse a memoria técnica de deseño.
CA1.13 Describiuse o procedemento de verificación do correcto funcionamento da instalación.
CA1.14 Formalizouse o certificado de instalación e a solicitude de subministración nos impresos oficiais correspondentes.
CA2.1 Identificáronse os procedementos de montaxe das partes da instalación: caixa xeral de protección, liña xeral de alimentación, derivacións individuais, contadores, e dispositivos xerais e individuais de mando e protección.
CA2.2 Conectouse a caixa xeral de protección tendo en conta as instrucións de montaxe e regulamentación.
CA2.3 Montouse unha liña xeral de alimentación de condutores illados, baixo tubaxe, en montaxe superficial e tendo en conta as especificacións da normativa.
CA2.4 Elaborouse un esbozo de centralización de contadores que indique a disposición dos seus elementos, atendendo ás dimensións estipuladas e conforme a regulamentación.
CA2.5 Conectáronse as unidades funcionais dunha centralización de contadores sinxela con discriminación horaria.



Criterios de avaliación
CA2.6 Montouse unha derivación individual de condutores illados, baixo tubaxe, en montaxe superficial e tendo en conta as especificacións da normativa.
CA2.7 Diagnosticáronse as causas de avarías simuladas nunha instalación eléctrica de enlace.
CA2.8 Efectuáronse medidas de parámetros característicos.
CA2.9 Elaborouse un informe das actividades realizadas e os resultados obtidos.
CA2.10 Respectáronse os criterios de calidade.
CA3.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
CA3.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
CA3.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA3.4 Descríbóronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.
CA3.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA3.6 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento de instalacións de enlace, e as súas instalacións asociadas.
CA3.7 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA3.8 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA3.9 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Previsión de cargas para subministracións en baixa tensión.
0Verificación da instalación e do dispositivo xeral de mando e protección.
Documentación, memoria técnica e certificación da instalación.
Instalacións de enlace: esquemas.
Caixa xeral de protección: tipos e esquemas.
Liña xeral de alimentación: cálculo de seccións e especificacións técnicas dos condutores.
Derivacións individuais: cálculo de seccións e especificacións técnicas dos condutores.
Dispositivos xerais e individuais de mando e protección. Sistema de control de potencia.
Instalacións de posta a terra en edificios.
Documentación administrativa asociada.
0Verificación e posta en servizo.
Fases de montaxe dunha instalación eléctrica de enlace.
Caixa xeral de protección: tipos de montaxe.



Contidos

Liña xeral de alimentación: condicións de instalación. Tapas de rexistro.

Derivacións individuais: condicións de instalación. Acanaladuras, condutos e caixas de rexistro.

Contadores: esquemas e conexións segundo a normativa.

Dispositivos xerais de mando e protección.

Avarías tipo en instalacións de enlace: localización e reparación.

Medidas características e parámetros de control dunha instalación de enlace.

Identificación de riscos.

Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.

Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Equipamentos de protección individual.

Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Cumprimento da normativa de protección ambiental.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Tarifas eléctricas.	14

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura instalacións de enlace, con selección dos elementos que as compoñen e do seu emprazamento.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Seleccionouse o sistema de control de enerxía específico e as tarifas asociadas.

4.8.e) Contidos

Contidos
Contadores: tipos e características; unidades funcionais e esquemas. Tarificación eléctrica. Contadores: esquemas e conexións segundo a normativa.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: Emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas ó longo do trimestre de acordo cas seguintes proporcións:

-Traballos persoais, problemas, exercicios, cuestionarios e protocolos de ensaio das prácticas: 10%.

-Probas escritas trimestrais: 90%.

Para obter unha cualificación trimestral positiva hai que cumprir dúas condicións:

CONDICIÓN 1.- Entregar todos os exercicios, traballos e proxectos establecidos como obrigatorios no formato riquirido e dentro dos prazos establecidos.

CONDICIÓN 2.- A media dos exames do trimestre ten que ser como mínimo 5 puntos sobre 10. Para que un exame faga media, a cualificación mínima do exame ten que ser 4 puntos sobre 10. (cualificacións nalgún dos exames do trimestre inferiores a 4 puntos implican que non se cumpre a condición 2 e polo tanto sería unha cualificación de suspenso no trimestre).

Cada un dos exames, dos traballos e proxectos cualifícanse de 0 a 10 puntos, con 2 decimais.

Para calcular a cualificación trimestral utilizarase a expresión: $\text{cualificación trimestral} = 0,9 \times (\text{media dos exames do trimestre}) + 0,1 \times (\text{nota dos exercicios, traballos e proxectos propostos polo profesor})$.

A nota media dos exames do trimestre e a media dos traballos e proxectos do trimestre expresaranse con dous decimais e o resultado obtido na expresión da cualificación trimestral redondearase ao enteiro inferior se o primeiro decimal é menor que 5 e redondearase ao enteiro superior se o primeiro decimal é 5 ou maior que 5.

A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións trimestrais, sendo necesario ter aprobadas as dúas avaliacións para obter unha cualificación final positiva (superior ou igual a 5).

Os MINIMOS ESIXIBLES para alcanzar a avaliación positiva para o alumnado que non perde o dereito a avaliación continua clasificada por unidades didácticas :

UD 1 Redes de distribución en alta tensión

CA1.1 - Seleccionouse o tipo de rede adecuada para un suposto de distribución de enerxía eléctrica en alta tensión.

CA1.2 - Clasifícanse os tipos de elementos dunha rede aérea (apoios, condutores, accesorios de suxeición, etc.) tendo en conta a súa función.

CA1.3 - Clasifícanse os tipos de elementos dunha rede subterránea (condutores, gabias, rexistros, galerías, accesorios de sinalizacións, etc.) tendo en conta a súa función.

CA1.4 - Identifícanse os elementos da rede coa súa representación simbólica nos planos e nos esquemas que caracterizan a instalación.

CA1.7 - Verifícase o cumprimento da normativa sobre cruzamentos, proximidades e paralelismos nas instalacións que afectan á rede.

CA2.1 - Descríbense as fases e os procedementos de tendido dos cables.

CA2.3 - Diagnosticáronse as causas de avarías nunha liña de rede aérea de MT, mediante a interpretación dos síntomas.

CA2.4 - Identifícanse as normas de seguridade e os elementos de protección para traballar en alta tensión.



CA3.1 - Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte nas operacións de montaxe e mantemento de liñas de media tensión.

CA3.3 - Identifícanse as causas mais frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

CA3.4 - Descríbense os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA3.6 - Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento de redes de distribución en alta tensión.

CA3.7 - Identifícanse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.

CA3.9 - Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e os equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

U.D 2 Centros de transformación

CA1.2 - Clasifícanse os centros de transformación.

CA1.3 - Identifícanse as partes fundamentais dun centro de transformación.

CA1.4 - Descríbese a función, as características e a sinalización dos tipos de celas.

CA1.5 - Interpretáronse esquemas eléctricos unifilares dos tipos de centros de transformación e das disposicións de celas.

CA1.6 - Identifícanse os aparellos de manobra e os elementos de protección das celas.

CA1.7 - Descríbense as características, a función e o mando dos aparellos de manobra e dos elementos de protección.

CA1.8 - Identifícanse as características e as conexións dos cadros de distribución de baixa tensión.

CA1.9 - Descríbese a instalación de posta a terra dun centro de transformación.

CA2.1 - Descríbense as fases e os procedementos de conexión do transformador.

CA2.2 - Descríbense as fases e os procedementos de conexión de celas.

CA2.3 - Recoñécéronse as instrucións xerais para a realización de manobras nun centro de transformación.

CA3.1 - Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

CA3.3 - Identifícanse as causas mais frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

CA3.4 - Descríbense os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA3.6 - Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento de centros de transformación, e as súas instalacións asociadas.

U.D 3 Redes aéreas de baixa tensión

CA1.1 - Seleccionouse o tipo de rede adecuada para un suposto de distribución de enerxía eléctrica en baixa tensión, unha acometida e unha rede de iluminación exterior.

CA1.2 - Clasifícanse os tipos de elementos dunha rede aérea (apoios, condutores, accesorios de suxeición, etc.) tendo en conta a súa función.



CA1.4 - Identifícanse os elementos da rede coa súa representación simbólica nos planos e nos esquemas que caracterizan a instalación.

CA1.5- Calculouse o condutor seguindo as prescrición regulamentarias.

CA1.7 - Verifícase o cumprimento da normativa sobre cruzamentos, proximidades e paralelismos nas instalacións que afectan á rede.

CA2.1 - Describíronse as fases e os procedementos de montaxe dos apoios.

CA2.2 - Describíronse as fases e os procedementos de tendido e tensamento dos cables.

CA2.3 - Montáronse os accesorios (soportes, abrazadeiras, pinzas, berces, etc.) e cables nunha instalación a escala sobre parede ou fachada.

CA2.7 - Elaboráronse informes das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

CA4.1 - Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

CA4.4 - Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA4.5 - Relacionouse a manipulación ción de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA4.6 - Determináronse as medidas de seguridade e protección persoal se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento de redes de distribución en baixa tensión, acometidas e redes de distribución de iluminación exterior

CA4.9 - Valorouse a orde e limpeza no posto de traballo.

UD 4 Redes subterráneas de baixa tensión

CA1.1 - Seleccionouse a rede adecuada para un suposto de distribución de enerxía eléctrica en baixa tensión, unha acometida e unha rede de iluminación exterior.

CA1.3 - Clasifícanse os tipos de elementos dunha rede subterránea (condutores, gabias, rexistros, galerías, accesorios de sinalizacións, etc.) tendo en conta a súa función.

CA1.4 - Identifícanse os elementos da rede coa súa representación simbólica nos planos e nos esquemas que caracterizan a instalación.

CA1.5 - Realizouse o cálculo para a determinación do condutor seguindo as prescricións regulamentarias.

CA1.7 - Verifícase o cumprimento da normativa sobre cruzamentos, proximidades e paralelismos nas instalacións que afectan á rede.

CA3.1 - Describíronse as fases e os procedementos de apertura e acondicionamento de gabias.

CA3.2 - Describíronse as fases e os procedementos de tendido dos cables directamente enterrados e baixo tubaxe.

CA3.5 - Diagnosticáronse as causas de avarías en liñas de redes subterráneas, acometidas e redes de iluminación exterior.

CA4.1 - Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

CA4.3 - Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

CA4.4 - Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA4.5 - Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA4.6 - Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento de redes de distribución en baixa tensión, acometidas .



CA4.9 - Valorar a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

UD 5 Redes de alumeado exterior

CA3.5 - Diagnosticáronse as causas de avarías en redes de iluminación exterior.

CA4.1 - Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

CA4.2 - Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

CA4.3 - Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

CA4.4 - Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA4.5 - Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA4.6 - Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento de redes de iluminación exterior.

CA4.7 - Identifícaronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.

CA4.8 - Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

CA4.9 - Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

UD 6 Conceptos de corrente alterna e UD 7 Instalacións de enlace

CA1.1 - Interpretouse o proxecto instalación de enlace, para o que se identificaron as condicións de montaxe e as características dos elementos que a compoñen: caixa xeral de protección, seccións da liña xeral de alimentación e derivacións individuais, contado

CA1.2 - Identifícaronse os elementos da instalación coa súa representación simbólica nos esquemas e a súa localización nos planos.

CA1.3 - Realizouse previsión de carga da instalación tendo en conta as prescricións regulamentarias e os requisitos da clientela.

CA1.5 - Seleccionouse o esquema da instalación de enlace adecuado ás características do edificio (unifamiliar, de vivendas, concentración de industrias, etc.).

CA1.6 - Seleccionouse a caixa xeral de protección.

CA1.7 - Dimensionouse a liña xeral de alimentación e as derivacións individuais.

CA1.8 - Determinouse a localización dos contadores.

CA1.9 - Determinouse a localización dos cadros xerais de mando e protección.

CA1.12 - Elaborouse a memoria técnica de deseño.

CA1.14 - Formalizouse o certificado de instalación e a solicitude de subministración nos impresos oficiais correspondentes.

CA2.1 - Identifícaronse os procedementos de montaxe das partes da instalación: caixa xeral de protección, liña xeral de alimentación, derivacións individuais, contadores, e dispositivos xerais e individuais de mando e protección.

CA2.7 - Diagnosticáronse as causas de avarías simuladas nunha instalación eléctrica de enlace.

CA2.8 - Efectuáronse medidas de parámetros característicos.

CA2.9 - Elaborouse un informe das actividades realizadas e os resultados obtidos.

CA3.1 - Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

CA3.2 - Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.



CA3.3 - Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

CA3.4 -Descríbonse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA3.5 - Relacionouse manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA3.6 -Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento de instalacións de enlace, e as súas instalacións asociadas.

UD 8 Tarifas eléctricas

CA1.4 - Seleccionouse o sistema de control de enerxía específico e as tarifas asociadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superen a primeira avaliación teñen a posibilidade de recuperala nunha proba a celebrar no segundo trimestre do curso, nunha data que será comunicada polo profesor con antelación suficiente. Tamén poden entregar nesa data os traballos, prácticas e exercicios non superados na avaliación.

Para considerar recuperada a avaliación hai que obter unha cualificación mínima na proba de 5 puntos, entregar todos os traballos, exercicios e prácticas obrigatorias .

Os alumnos que non superen a segunda avaliación teñen a posibilidade de recuperala nunha proba a celebrar no segundo trimestre do curso, nunha data anterior á avaliación de módulos previa á FCT. Os alumnos serán informados polo profesor da data do exame de recuperación. Tamén poden entregar nesa data os traballos, prácticas e exercicios non superados na segunda avaliación. Para considerar recuperada a avaliación hai que obter unha cualificación mínima na proba de 5 puntos, e entregar todos os traballos, prácticas e proxectos.

Os alumnos que despois de facer as recuperacións teñan pendente unha ou as dúas avaliacións, terán que examinarse dos contidos da avaliación ou avaliacións suspensas nunha proba extraordinaria, previa á avaliación final de módulos. O profesor informará aos alumnos unha vez feita a avaliación previa á FCT dos resultados de aprendizaxe non acadados, proporalles unha serie de actividades a realizar durante o período ordinario de FCT e atenderá as dúbidas dos alumnos nas horas previstas ao efecto durante o período de recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación, antes da avaliación previa á FCT e tamén a unha proba previa á avaliación final de módulos(no mes de xuño). Estes alumnos serán avaliados de tódolos contidos impartidos ao longo do curso.

A duración destas probas será dun mínimo de tres horas repartidas nun ou dous días, tendo o Departamento que dar publicidade, con antelación suficiente conforme a legalidade prevista, do lugar, data e hora da mesma.

A proba terá dúas partes:

- a primeira parte será unha proba escrita de preguntas curtas e/ou tipo test e

- a segunda parte incluírá exercicios de cálculo e/ou prácticas de montaxe e detección de averías en instalacións de enlace ou maniobras nun CT.

Para superalo módulo é condición obrigatoria obter cualificación superior a 5 en cada unha das partes da proba.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Levarei un rexistro da materia explicada e comprobarei se vai coincidindo ou non a temporalización co programado, anotando os posibles desvíos e causas. Para facer isto utilizarei o apartado de seguimento da programación desta aplicación. Quedará reflectido o porcentaxe de cumprimento da programación nas reunións mensuais de departamento e nas reunións do equipo docente.

PARA AVALIAR A PROPIA PRÁCTICA DOCENTE:

Valorarei si coas actividades programadas se cumpren os obxectivos do módulo.

Teranse en conta as dúbidas e problemas que presente o alumnado na interpretación dos materiais e se están adaptados ó seu nivel para tratar de melloralos.

Valorarei en que medida resollen as miñas explicacións as dúbidas presentadas polo alumnado.

Como instrumento para conseguir a realimentación oportuna utilizarei a interacción continua cos alumnos e a enquisa de satisfacción do labor docente. Unha vez teña os resultados tratarei de analizar cos alumnos os distintos apartados para tratar de melloralos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso realizarase unha avaliación inicial dos alumnos co fin de intentar coñecer a motivación de cara ó ciclo, nivel formativo e posibles inquietudes.

Para realizala avaliación inicial utilizarei a observación sistemática dos alumnos e a anotación de datos no caderno de aula e farei unha pequena proba escrita sobre coñecementos básicos e instrumentais necesarios para o desenvolvemento do módulo. O obxectivo disto é detectar necesidades específicas de apoio educativo e saber o nivel de coñecementos co que parte o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado cuio ritmo de aprendizaxe sexa máis lento poderase:

- darlle explicacións máis individualizadas.
- utilizar recursos variados.
- reducir o número de actividades que deberán desenvolver
- adaptar os tempos establecidos para o efecto.

No caso de ter algún alumno diagnosticado con TDAH, seguirase o protocolo de TDAH especificado pola Consellería de educación, solicitando asesoramento ao departamento de orientación.

No caso de detectar algún caso de acoso escolar, seguirase o oportuno protocolo publicado pola consellería de educación, solicitando asesoramento ao departamento de orientación.

Ademais no caso que existise alumnado con diagnóstico de epilepsia, alumnado con diagnóstico de esquizofrenia ou outras psicopatías severas,



seguirase o Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica da Xunta de Galicia, relativo á actuación ante estas doenzas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais a tratar no módulo profesional :

- Puntualidade na asistencia a clase.
- Autonomía na formación.
- Uso responsable das TICs.
- Traballo colaborativo en gupo, respetando as opinións de todos os participantes.
- Fomentar o respecto pola natureza e medio ambiente.
- Fomentar o gusto polo traballo ben feito.
- Cuidado das instalacións e equipamentos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Para os alumnos deste módulo non está prevista ningunha actividade extraescolar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Como actividades complementarias haberá charlas e xornadas técnicas organizadas polo departamento e cursos de prevención de riscos laborais(Traballos en altura e manexo de carretillas elevadoras).

Entre as xornadas técnicas organizadas polo departamento destacar:

- Xornada técnica de verificación de instalacións eléctricas.
- Xornada técnica tramitación de instalacións eléctricas.
- Xornada técnica Iluminación de Emerxencia (Empresa Daisalux).
- Xornada técnica de tarifas eléctricas.